## Concello de Guitiriz

# ACTA

| Expediente núm.: | Órgano colexiado: |
|---|---|
| JGL/2019/24 | A Xunta de Goberno Local |

| DATOS DE DESENVOLVEMENTO DA SESIÓN | |
|---|---|
| **Tipo Convocatoria** | Ordinaria |
| **Data** | 21 de agosto de 2019 |
| **Duración** | Desde as 11:05 ata as 11:15 horas |
| **Lugar** | Alcaldía |
| **Presidida por** | Marisol Morandeira Morandeira |
| **Secretario** | Rafael José del Barrio Berbel |

**ASISTENCIA Á SESIÓN**

| DNI | Nome e Apelidos | Asiste |
|---|---|---|
| | Carlos Plácido Buján López | SÍ |
| | Ivan Morado Corral | NON |
| | Laura Ageitos Miragaya | SÍ |
| | Marisol Morandeira Morandeira | SÍ |
| | Paula Campo Barral | SÍ |

**Escusas de asistencia presentadas:**
1. Ivan Morado Corral:
«Ausencia xustificada»

Unha vez verificada polo secretario a válida constitución do órgano, o presidente abre a sesión, polo que se procede á deliberación sobre os asuntos incluídos na orde do día



Rua do Concello nº4, Guitiriz. 27300 (Lugo). Tfno. 982370109. Fax: 982372178

Marisol Morandeira Morandeira (1 para 2)
Alcaldesa
Data de Sinatura: 22/08/2019
HASH: 8836d87e5f0395ca4e50f592fc07430b

Rafael José del Barrio Berbel (2 para 2)
Secretario
Data de Sinatura: 23/08/2019
HASH: af70a6c0fee53680b19a2fa050ba6cb0

ACTA DA XUNTA DE GOBERNO
Número: 2019-0025 Data: 22/08/2019

Cod. Validación: AH25FT6J2D7FE7DDCMGLN9LSJ | Corrección: http://guitiriz.sedelectronica.gal/
Documento asinado electrónicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 1 a 10

## A) PARTE RESOLUTIVA

**Aprobación da acta da sesión ordinaria de data 17-07-2019 e da sesión extraordinaria de data 24-07-2019**

**Favorable**

**Tipo de votación:** Unanimidade/Asentimento

Sometidas a votación as actas da sesión ordinaria de data 17-07-2019 e da sesión extraordinaria de data 24-07-2019 son aprobadas por unanimidade.

**Prorroga do prazo de inicio das obras na licenza de obra para construción de edificación de uso residencial vivenda unifamiliar de dúas plantas previa demolición da edificación existente de uso industrial (almacén) na z. Dª Expte: 24/2019.**

**Favorable**

**Tipo de votación:** Unanimidade/Asentimento

nto: Prorroga do prazo de inicio das obras na licenza de obra para construción de edificación de uso residencial vivenda unifamiliar de dúas plantas previa demolición da edificación existente de uso industrial (almacén) na de Guitiriz. Dª Expte: 24/2019.

Dona María Sol Morandeira Morandeira, alcaldesa-presidenta do Concello de Guitiriz, en uso das súas atribucións legalmente conferidas.
Vistos os seguintes antecedentes máis relevantes que constan no expediente:
- Acordo da XGL de data 21/02/2019 de concesión a dona de licenza de obra para construción de edificación de uso residencial vivenda unifamiliar de dúas plantas previa demolición da edificación existente de uso industrial (almacén) na de Guitiriz, de acordo co proxecto técnico do arquitecto don Carlos Moyano Perez, con visado colexial de data 13/12/2018.
-Informe técnico favorable da arquitecta técnica municipal de data 12/08/2019.

Considerando o disposto na Lei 2/2016, do 10 de febrero, do Solo de Galicia, no regulamento da Lei do solo de Galicia aprobado por Decreto 143/2016, de 9 de novembro, e nas NSPM do Concello de Guitiriz aprobadas pola Comisión Provincial de Urbanismo en sesión de 12 de febreiro de 1985.

Considerando o disposto na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común, e no RD 2568/1986, do 28 de novembro, que aproba o regulamento de organización e funcionamento das corporacións locais.



Rua do Concello nº4, Guitiriz. 27300 (Lugo). Tfno. 982370109. Fax: 982372178

ACTA DA XUNTA DE GOBERNO
Número: 2019-0025 Data: 22/08/2019
Cod. Validación: AH25FT6J2D7FE7DDCMGLN9LSJ | Corrección: http://guitiriz.sedelectronica.gal/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPúblico | Páxina 2 a 10

Considerando a atribución concedida á alcaldía polo artigo 21.1. da Lei 7/85, do 2 de abril, de bases de réxime local, e 61.1 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de administración local de Galicia, e a resolución de alcaldía de delegación de atribucións na Xunta de Goberno Local.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, ACORDA:

PRIMEIRO.- Prorrogar por un prazo de seis meses máis o prazo de inicio das obras para construción de edificación de uso residencial vivenda unifamiliar de dúas plantas previa demolición da edificación existente de uso industrial (almacén) na le Guitiriz, de acordo co proxecto técnico do arquitecto don Carlos Moyano Perez, con visado colexial de data 13/12/2018, segundo a licenza concedida por acordo da XGL de data 21/02/2019.

SEGUNDO.- Notificar o presente acordo ao interesado e comunicalo aos departamentos municipais afectados para o seu coñecemento e efectos oportunos.

**Prórroga do contrato administrativo do servizo de actividades docentes na escola municipal de musica 2017-2019 de Guitiriz. Expte. 853/2017**

| | |
|---|---|
| **Favorable** | **Tipo de votación:** Unanimidade/Asentimento |

Prórroga do contrato administrativo do servizo de actividades docentes na escola municipal de musica 2017-2019 de Guitiriz. Expte. 853/2017

Por acordo de Xunta de Goberno Local de data 30/06/2017 aprobouse o expediente de contratación do "servizo de actividades docentes na escola municipal de musica 2017-2019 de Guitiriz", mediante procedemento aberto por un valor estimado máximo de 178.874,38 € mais 37.563,61 IVE tendo un prazo de duración de dous anos prorrogable por outro mais.

Por acordo da Xunta de Goberno Local de data 20/09/2017, adxudicouse á empresa "Soilar Gestión & Servicios Musicales S.L." o contrato de servizo de actividades docentes na escola municipal de musica 2017-2019 de Guitiriz conforme ao establecido no pregos reguladores da contratación e as condicións ofertas polo licitador na súa oferta:

*<u>A)Prezo por hora de clase efectivamente impartida</u>: 22 euros (exento de IVE).*

*<u>B)Prazo de duración do contrato:</u> Dous anos, prorrogable por outro ano máis. A impartición das clases e demais actividades obxecto do contrato realizaranse durante o curso escolar, que comezará no mes de outubro e finalizará no mes de xuño, sen prexuízo das tarefas administrativas previas necesarias a realizar antes e despois de ditas datas ou das variantes presentadas polo adxudicatario. A estimación*



Rua do Concello nº4, Guitiriz. 27300 (Lugo). Tfno. 982370109. Fax: 982372178

ACTA DA XUNTA DE GOBERNO
Número: 2019-0025 Data: 22/08/2019

Cod. Validación: AH25FT6J2D7FE7DDCMGLN9LSJ | Corrección: http://guitiriz.sedelectronica.gal/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 3 a 10

*de horas lectivas anuais, cunha media de entre 55,5 e 66,5 horas semanais entre os meses de outubro a xuño, é de entre 1.887 e 2.261 horas, en función dos alumnos matriculados en cada especialidade.*

*<u>C)Melloras ou variantes do servizo sen custe para o Concello:</u>*
*A) Organización de intercambios con outras escolas ou Conservatorios da comarca:*
*-Intercambio coa escola de música de Ortigueira e de Oza-Cesuras.*
*B) Organización de concertos didácticos para promocionar a canteira da Escola:*
*-En setembro e xuño concertos didácticos nos colexios da comarca*
*-En febreiro concerto didáctico no Instituto.*
*-Ciclo de concertos polas parroquias para divulgar a escola.*
*C) Escola de música no verán: Campamento bandeando e campamento Moderno.*
*D) Concertos na rúa: catro concertos no mes de xullo, cada un deles terá unha especialidade distinta. Todos eles en sitios emblemáticos de Guitiriz.*

Visto o informe favorable de data 23/07/2019 da concelleira de cultura do concello dona Ainara Pérez Losada, á prórroga do contrato.

Considerando o disposto na seguinte normativa de aplicación:

— Lei 9/2017, de 8 de novembro, de contratos do sector público.

— O Real decreto 817/2009, do 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, do 30 de outubro, de contratos do sector público.

— O Real decreto 1098/2001, do 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento xeral da Lei de contratos das administracións públicas (artigos vixentes tras a entrada en vigor do Real decreto 817/2009, do 8 de maio).

— A Lei 39/2015, do procedemento administrativo común.

Considerando a atribución concedida ó Alcalde polo artigo 21.1. da Lei 7/85, do 2 de abril, de Bases de Réxime Local, e a resolución de alcaldía de delegación de atribucións na Xunta de Goberno Local de data 20/04/2016

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, ACORDA:

PRIMEIRO.- Prorrogar o contrato do "Servizo de actividades docentes na escola municipal de musica 2017-2019 de Guitiriz", asinado en data 25/09/2017 con "Soilar Gestión & Servicios Musicales S.L., con CIF B70418090, polo prazo dun ano máis, ata o día 24/09/2020.

SEGUNDO.- Notificar o presente acordo aos interesados e comunicalo aos servizos económicos para o seu coñecemento e efectos oportunos.

**Expediente 872/2017. Baixa Centro de Día de (Expt. 872/2019)**

**Favorable**

**Tipo de votación:**
Unanimidade/Asentimento

PROPOSTA XGL



Rua do Concello nº4, Guitiriz. 27300 (Lugo). Tfno. 982370109. Fax: 982372178

ACTA DA XUNTA DE GOBERNO
Número: 2019-0025 Data: 22/08/2019

Cod. Validación: AH25FT6J2D7FE7DDCMGLN9LSJ | Corrección: http://guitiriz.sedelectronica.gal/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPúblico | Páxina 4 a 10

Asunto: Modificacións no servizo de Centro de Día. Expte: 872/2019

Dona María Sol Morandeira Morandeira, alcaldesa-presidenta do Concello de Guitiriz, en uso das súas atribucións legalmente conferidas.

Vistos os seguintes antecedentes que constan no expediente:

- Visto o informe da Comisión de valoración e resolución de solicitudes do Centro de Día de data 19/08/2019, sobre modificacións no Centro de Día do Concello de Guitiriz.

Considerando a seguinte normativa específica de aplicación ao presente expediente:

- De conformidade co disposto no Regulamento de organización e funcionamento do Centro de Día do Concello de Guitiriz (BOP de 13/06/2019) e no acordo regulador do prezo público (BOP de 16/08/2007), así como a súa modificación (BOP de 4/08/2008), e normativa concordante na materia.
Considerando o disposto na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común, e no RD 2568/1986, do 28 de novembro, que aproba o regulamento de organización e funcionamento das corporacións locais.

Considerando a atribución concedida á alcaldía polo artigo 21.1. da Lei 7/85, do 2 de abril, de bases de réxime local, e 61.1 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de administración local de Galicia, e a resolución de alcaldía de data 19/06/2019 de delegación de atribucións na Xunta de Goberno Local.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, ACORDA:

PRIMEIRO.- Aprobar as seguintes modificacións no Centro de Día segundo o informe da Comisión de valoración e resolución de solicitudes do Centro de Día de data 19/08/2019:

- Dar de baixa por falecemento en data 16/08/2019, a dona
con DNI nº e domicilio en
Dita usuaria era beneficiaria dunha praza a xornada completa.

SEGUNDO.- Notificar o presente acordo ao interesado e comunicalo aos departamentos municipais afectados para o seu coñecemento e efectos oportunos.

**Expediente 603/2019. Alta no PAI da nena** **(Expte. 603/2019)**

**Favorable**

**Tipo de votación:**
Unanimidade/Asentimento

nto: Modificacións no servizo do Punto de Atención á Infancia (PAI) Expte:




ACTA DA XUNTA DE GOBERNO
Número: 2019-0025 Data: 22/08/2019

Cod. Validación: AH25FT6J2D7FE7DDCMGLN9LSJ | Corrección: http://guitiriz.sedelectronica.gal/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 5 a 10

603/2019

Dona María Sol Morandeira Morandeira, alcaldesa-presidenta do Concello de Guitiriz, en uso das súas atribucións legalmente conferidas.

Vistos os seguintes antecedentes que constan no expediente:

- Visto o informe de valoración da educadora familiar de data 2/08/2019 sobre modificacións no servizo do Punto de Atención á Infancia (PAI).

Considerando a seguinte normativa específica de aplicación ao presente expediente:

- Considerando o disposto no regulamento de organización e funcionamento do punto de atención á infancia do Concello de Guitiriz (BOP de 16/06/2017), e na Ordenanza reguladora da taxa do punto de atención á infancia (BOP de 19/07/2005).

Considerando o disposto na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común, e no RD 2568/1986, do 28 de novembro, que aproba o regulamento de organización e funcionamento das corporacións locais.

Considerando a atribución concedida á alcaldía polo artigo 21.1. da Lei 7/85, do 2 de abril, de bases de réxime local, e 61.1 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de administración local de Galicia, e a resolución de alcaldía de data 19/06/2019 de delegación de atribucións na Xunta de Goberno Local.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, ACORDA:

PRIMEIRO.- Dar de alta no Punto de Atención á Infancia (PAI), á nena a partir do mes de setembro en horario de 16,00 a 19,00 horas, e incluír na lista de agarda según a puntuación acadada no horario solicitado pola mañá de 10 a 13 horas.

SEGUNDO.- Notificar o presente acordo ao interesado e comunicalo aos departamentos municipais afectados para o seu coñecemento e efectos oportunos.

**Expediente 722/2019. Alta PAI do neno**

**Favorable**

**Tipo de votación:** Unanimidade/Asentimento

Asunto: Modificacións no servizo do Punto de Atención á Infancia (PAI) Expte: 722/2019

Dona María Sol Morandeira Morandeira, alcaldesa-presidenta do Concello de Guitiriz, en uso das súas atribucións legalmente conferidas.




Rua do Concello nº4, Guitiriz. 27300 (Lugo). Tfno. 982370109. Fax: 982372178



ACTA DA XUNTA DE GOBERNO
Número: 2019-0025 Data: 22/08/2019

Cod. Validación: AH25FT6J2D7FE7DDCMGLN9LSJ | Corrección: http://guitiriz.sedelectronica.gal/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 6 a 10

Vistos os seguintes antecedentes que constan no expediente:

- Visto o informe de valoración da educadora familiar de data 2/08/2019 sobre modificacións no servizo do Punto de Atención á Infancia (PAI).

Considerando a seguinte normativa específica de aplicación ao presente expediente:

- Considerando o disposto no regulamento de organización e funcionamento do punto de atención á infancia do Concello de Guitiriz (BOP de 16/06/2017), e na Ordenanza reguladora da taxa do punto de atención á infancia (BOP de 19/07/2005).

Considerando o disposto na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común, e no RD 2568/1986, do 28 de novembro, que aproba o regulamento de organización e funcionamento das corporacións locais.

Considerando a atribución concedida á alcaldía polo artigo 21.1. da Lei 7/85, do 2 de abril, de bases de réxime local, e 61.1 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de administración local de Galicia, e a resolución de alcaldía de data 19/06/2019 de delegación de atribucións na Xunta de Goberno Local.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, ACORDA:

PRIMEIRO.- Dar de alta no Punto de Atención á Infancia (PAI), ao neno a partir do mes de setembro en horario de 13,00 a 19,00 horas, coa correspondente alta da cota que ascende a 57,00 €/mes.

SEGUNDO.- Notificar o presente acordo ao interesado e comunicalo aos departamentos municipais afectados para o seu coñecemento e efectos oportunos.

**Expediente 769/2019. Alta SAF libre concorrencia**

**Favorable**

**Tipo de votación:**
Unanimidade/Asentimento

PROPOSTA XGL
Asunto: Modificacións no servizo de axuda no fogar (SAF). Expte: 769/2019

Dona Maria Sol Morandeira Morandeira, alcaldesa-presidenta do Concello de Guitiriz, en uso das súas atribucións legalmente conferidas.

Vistos os seguintes antecedentes que constan no expediente:
- Visto o informe da traballadora social do servizo de axuda no fogar de data 19/08/2019 sobre modificacións no servizo de axuda no fogar.

Considerando a seguinte normativa específica de aplicación ao presente expediente:
- De conformidade co disposto na ordenanza fiscal reguladora da taxa pola





Cod. Validación: AH25FT6J2D7FE7DDCMGLN9LSJ | Corrección: http://guitiriz.sedelectronica.gal/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPúblico | Páxina 7 a 10

prestación do servizo de axuda no fogar do Concello de Guitiriz (BOP de 5/08/2013); no regulamento municipal do servizo de axuda no fogar (BOP de 29/05/2014) e normativa concordante na materia.

Considerando o disposto na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común, e no RD 2568/1986, do 28 de novembro, que aproba o regulamento de organización e funcionamento das corporacións locais.

Considerando a atribución concedida á alcaldía polo artigo 21.1. da Lei 7/85, do 2 de abril, de bases de réxime local, e 61.1 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de administración local de Galicia, e a resolución de alcaldía de data 19/06/2019 de delegación de atribucións na Xunta de Goberno Local.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, ACORDA:

PRIMEIRO.- Conceder o S.A.F. Libre Concorrencia ao seguinte usuario:

*USUARIO/A:*
*D.N.I.:*
*DOMICILIO:*
*DATA DE ALTA:* 1/09/2019
*H/MES:* 25
*% APORTACIÓN:* 20 %
*CUSTO MES USUARIO:* 40,00 €

SEGUNDO.- Notificar o presente acordo ao interesado e comunicalo aos departamentos municipais afectados para o seu coñecemento e efectos oportunos.

**Expediente 765/2019. Extinción SAF dependencia de (Expt. 765-2019)**

**Favorable**

**Tipo de votación:**
Unanimidade/Asentimento

PROPOSTA XGL
Asunto: Modificacións no servizo de axuda no fogar (SAF). Expte: 765/2019

Dona Maria Sol Morandeira Morandeira, alcaldesa-presidenta do Concello de Guitiriz, en uso das súas atribucións legalmente conferidas.

Vistos os seguintes antecedentes que constan no expediente:
- Visto o informe da traballadora social do servizo de axuda no fogar de data 19/08/2019 sobre modificacións no servizo de axuda no fogar.

Considerando a seguinte normativa específica de aplicación ao presente expediente:



Rua do Concello nº4, Guitiriz. 27300 (Lugo). Tfno. 982370109. Fax: 982372178

ACTA DA XUNTA DE GOBERNO
Número: 2019-0025 Data: 22/08/2019

Cod. Validación: AH25FT6J2D7FE7DDCMGLN9LSJ | Corrección: http://guitiriz.sedelectronica.gal/
Documento asinado electrónicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 8 a 10

- De conformidade co disposto na ordenanza fiscal reguladora da taxa pola prestación do servizo de axuda no fogar do Concello de Guitiriz (BOP de 5/08/2013); no regulamento municipal do servizo de axuda no fogar (BOP de 29/05/2014) e normativa concordante na materia.

Considerando o disposto na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común, e no RD 2568/1986, do 28 de novembro, que aproba o regulamento de organización e funcionamento das corporacións locais.

Considerando a atribución concedida á alcaldía polo artigo 21.1. da Lei 7/85, do 2 de abril, de bases de réxime local, e 61.1 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de administración local de Galicia, e a resolución de alcaldía de data 19/06/2019 de delegación de atribucións na Xunta de Goberno Local.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, ACORDA:

PRIMEIRO.- Aprobar as seguintes modificacións no servizo de axuda no fogar segundo o informe da traballadora social de data 19/08/2019:

1.- EXTINCIÓN SAF DEPENDENCIA:

Segundo o artigo 8º da Ordenanza Municipal do Servizo de Axuda no Fogar publicada no B.O.P. de Lugo nº 121 do 29 de maio de 2014 *"causa de extinción e modificación do servizo";* comunicar a extinción do Servizo de Axuda no Fogar do seguinte usuario:

*USUARIO/A:*
*D.N.I.:*
*DOMICILIO:*
*DATA DE BAIXA:* 15/08/2019
*CAUSA:* falecemento.

SEGUNDO.- Notificar o presente acordo ao interesado e comunicalo aos departamentos municipais afectados para o seu coñecemento e efectos oportunos.

## B) ACTIVIDADE DE CONTROL

Non hai asuntos




Rua do Concello nº4, Guitiriz. 27300 (Lugo). Tfno. 982370109. Fax: 982372178



ACTA DA XUNTA DE GOBERNO
Número: 2019-0025 Data: 22/08/2019
Cod. Validación: AH25FT6J2D7FE7DDCMGLN9LSJ | Corrección: http://guitiriz.sedelectronica.gal/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 9 a 10

## C) ROLDA DE INTERVENCIÓNS LIBRES

Non hai asuntos

**DOCUMENTO ASINADO ELECTRONICAMENTE**

ACTA DA XUNTA DE GOBERNO
Número: 2019-0025 Data: 22/08/2019

Cod. Validación: AH25FT6J2D7FE7DDCMGLN9LSJ | Corrección: http://guitiriz.sedelectronica.gal/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPúblico | Páxina 10 a 10



Rua do Concello nº4, Guitiriz. 27300 (Lugo). Tfno. 982370109. Fax: 982372178